

NACÍN NUNHA FAMILIA DE LABREGOS



Manuel María



Eu son Manuel María Fernández Teixeiro. Nacín en Outeiro de Rei (Lugo) o 6 de outubro de 1929. O espazo familiar vai encher o meu mundo poético de paisaxes máxicas. Sendo fillo de labregos, aprendín a escribir versos con Manuel de Paderna, á sombra dunha oliveira.

CEIP "ADR Castela" (Rianxo)

AGRÁDANME OS FALADOIROS LITERARIOS



Manuel María



Fun estudar a Lugo e nos faladoiros do café Méndez Núñez coñecín escritores como Uxío Novoneyra, Álvaro Cunqueiro e Anxel Fole entre outros, cos que descubrín a literatura coma vehículo de transformación social. En Santiago de Compostela participei nos faladoiros do Café Español, onde profundeí sobre o galeguismo da man de Otero Pedrayo e Maside.

CEIP "ADR Castela" (Rianxo)

A MIÑA COMPAÑEIRA CHÁMASE SALETA



Manuel María

En 1956 coñecín a Saleta Goi. Casamos tres anos despois e fomos vivir a Monforte de Lemos, onde eu traballaba como procurador. Ela foi a miña compañeira e a miña musa. Organiceí a Editorial Xistral e abrimos unha librería co mesmo nome, que máis ca unha tenda foi un centro de dinamización cultural.

CEIP "ADR Castela" (Rianxo)

OS MEUS POEMAS TAMÉN SON MÚSICA



Manuel María



No ano 1968, no teatro Capitol en Santiago, fixen a presentación da Nova Canción Galega, un movemento musical relevante na nosa historia. A partir daquela, moitos grupos galegos e cantantes musicaron os meus poemas. Din que as miñas cancións forman parte da banda sonora da historia contemporánea de Galicia.


CEIP "ADR Casteldo" (Rianxo)

OS SONHOS NA GAIOLA

É UN FERMOSSO LIBRO DE POEMAS QUE FALA DE ANIMAIS, COUSAS E FESTAS.



Manuel María



O meu primeiro libro de poemas foi *Muiñeiro de Brétemas*, que supuxo a aparición dunha nova corrente poética: a Escola da Tebra. Ao longo da miña vida escribin sobre diferentes temáticas como: o amor, a arte, os animais, a xeografía, a etnografía, o paso do tempo, a relixión e a política.


Os Soños na gaiola son poemas que naceron lembrando a miña infancia.

CEIP "ADR Castellar" (Rianxo)

POETA COMPROMETIDO CON GALICIA



Manuel María



O meu compromiso cívico e político con Galicia ponse de manifesto na miña incansable difusión da realidade galega e na miña militancia política. No ano 1985 decidín abandonar a política e dedicarme á actividade literaria e cultural.

CEIP "ADR Castelaio" (Rianxo)

TAMÉN ESCRIBÍN OBRAS DE TEATRO



Manuel María



O meu teatro é un mundo.
Os personaxes que invento,
I teñen vida, fantasía
e doulles coñecemento...!

Canta o Cuco

Señores!
Morreu o demo,
acabouse a peseta.


Tamén escribin varias obras de teatro como *Unha vez foi o trelón*, *As aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*, ou *A farsa de Bululú*. Na obra *Barriga Verde* recuperei o espectáculo de monicreques en lingua galega, que percorría as festas e romarías de Galicia a mediados do século XX.

CEIP "ADE Castela" (Rianxo)

RECIBÍAN NÚMEROSOS PREMIOS



Manuel María



Dediquei moito tempo a actividades culturais, a viaxar, a coñecer xente, e a escribir. Terra Chá é un canto, unha homenaxe poética á miña terra. Concedéronme premios e fixéronme homenaxes como a da AS-PG na Coruña. Tamén fun nomeado académico numerario da RAG.

CEIP "ADE Castela" (Rianxo)

A MIÑA LINGUA É O GALEGO



Manuel María




Comprometido coa terra, con moitas causas xustas, colaborei con Burla Negra e coa Plataforma Nunca Máis, con motivo do desastre do Prestige. Tamén apoiei iniciativas como as organizadas no Correlingua, na defensa do idioma galego.

CEIP "ADR Castella" (Rianxo)

A TERRA CHÁ, SEMPRE NO MEU CORAZÓN



Manuel María



Sempre me comuniquéi a través dos versos. "Non imaxino a miña vida sen a poesía. A palabra que se escribe, aínda que ninguén a lea, está aí. Permanece sempre".

O día 8 de setembro falecín na cidade da Coruña e logo trasladáronme á miña querida terra, á terra chairega.

CEIP "ADR Castela" (Rianxo)